



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Xaneiro 2017

Santiago de Compostela, 08 de marzo de 2017


Instituto Galego de Estatística
Complejo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Xaneiro 2017

- O índice de producción industrial de Galicia registrou en xaneiro de 2017 un crecemento do 3,6% con respecto a xaneiro de 2016, mentres que a nivel nacional o crecemento foi do 7,1%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, rexistraron repercusións positivas os bens de consumo (2,4 puntos), os bens de equipo (1,0 puntos) e os bens intermedios (1,5 puntos). A enerxía registrou unha repercusión negativa do 1,2 puntos.
- Por ramas de actividade as maiores achegas positivas corresponden á “fabricación de produtos metálicos” (1,3 puntos), á “industria da alimentación” e “fabricación de vehículos de motor” (1,2 puntos cada unha) e á “confección de roupa de vestir” (0,8 puntos).
- Polo contrario, entre as que mostran maior achega negativa destacan a “producción de enerxía eléctrica” (-2,2 puntos) e a “fabricación doutro material de transporte” (-0,9 puntos).

Índice de producción industrial (IPI). Xaneiro 2017

Taxa de variación do índice xeral e achegas dos compoñentes en %



	Índice	VARIACIÓNS (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	92,8	3,6	3,6
Bens de consumo	98,9	10,1	10,1
Bens de equipo	67,8	4,3	4,3
Bens intermedios	91,9	5,3	5,3
Enerxía	129,5	-4,4	-4,4

1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de xaneiro de 2017 en Galicia acadou un crecemento interanual do 3,6%, mellorando en 5,7 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (-2,1%). En España rexistrouse un crecemento do 7,1%, mellorando en 8,6 puntos a taxa acadada no mes anterior (-1,5%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 10,1%, o que suma 2,4 puntos á taxa interanual do conxunto.
- Os **bens de equipo** rexistran un aumento do 4,3%, o que suma 1,0 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** sube un 5,3% cunha repercusión positiva de 1,5 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que baixa un 4,4% e resta 1,2 puntos á taxa de variación interanual.

Comparando cos crecementos interanuais de decembro de 2016, por destino económico, os bens de consumo empeoran 0,7 puntos, os bens de equipo melloran 20,8 puntos, os bens intermedios melloran 7,5 puntos e a enerxía cae 4,6 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.


As ramas que presentan as maiores achegas positivas á taxa interanual de xaneiro foron: a “fabricación de produtos metálicos” que suma 1,3 puntos, a “industria da alimentación” e a “fabricación de vehículos de motor”, que achegan 1,2 puntos cada unha, e a “confección de roupa de vestir” que achega 0,8 puntos á taxa interanual.

No que respecta ás repercusións negativas (-3,7 puntos) de nove ramas, entre as que destacan a “produción de enerxía eléctrica” que resta 2,2 puntos e a “fabricación doutro material de transporte” que resta 0,9 puntos á taxa interanual.

3. Índices por comunidades autónomas


Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes moveuse entre o 2,1% de Castilla – La Mancha e o 23,7% de Extremadura. Ademais de Extremadura, presentan crecementos interanuais superiores á media estatal: Cantabria (17,2%), Navarra (15,0%), Murcia (14,8%), Balears (13,3%), Asturias (12,2%), Andalucía (9,9%) e Aragón (7,3%).

IPI xaneiro 2017 Taxas de variación en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa TRAMO-SEATS do Banco de España.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C, D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Xaneiro 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		REPERCUSIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	92,8	3,6	3,6	--	--
Bens de consumo	98,9	10,1	10,1	2,4	2,4
Bens de equipo	67,8	4,3	4,3	1,0	1,0
Bens intermedios	91,9	5,3	5,3	1,5	1,5
Enerxía	129,5	-4,4	-4,4	-1,2	-1,2
España					
Xeral	94,2	7,1	7,1	--	--
Bens de consumo	91,3	4,4	4,4	1,2	1,2
Bens de equipo	92,9	5,6	5,6	1,2	1,2
Bens intermedios	93,8	7,9	7,9	2,5	2,5
Enerxía	100,4	11,1	11,1	2,2	2,2

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Xaneiro 2017

Ramas	VARIACIÓN (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	3,6		3,6		
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e industria da alimentación	17,8	1,3	17,8	1,3	8,7
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	9,5	1,2	9,5	1,2	12,1
Confección de roupa de vestir	10,3	1,2	10,3	1,2	11,4
Cefección de roupa de vestir	16,0	0,8	16,0	0,8	5,3
Fabricación de material e equipamento eléctrico	47,9	0,4	47,9	0,4	1,2
Fabricación de mobles	21,9	0,3	21,9	0,3	1,6
Industria química	12,2	0,3	12,2	0,3	1,5
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	5,6	0,2	5,6	0,2	3,8
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	8,6	0,1	8,6	0,1	2,1
Outras industrias manufactureiras	17,3	0,1	17,3	0,1	0,4
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	0,9	0,0	0,9	0,0	3,5
Industria do papel	1,2	0,0	1,2	0,0	1,8
Fabricación de bebidas	0,6	0,0	0,6	0,0	3,6
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-0,1	0,0	-0,1	0,0	3,2
Outras industrias extractivas	-3,9	0,0	-3,9	0,0	1,7
Industria téxtil	-11,3	0,0	-11,3	0,0	0,2
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-4,5	-0,2	-4,5	-0,2	4,5
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixas	-5,0	-0,2	-5,0	-0,2	5,0
Fabricación doutro material de transporte	-26,5	-0,9	-26,5	-0,9	6,7
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-9,5	-2,2	-9,5	-2,2	14,7
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Industria do tabaco	-	-	-	-	-

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Xaneiro 2017

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	94,2	7,1	7,1
Galicia	92,8	3,6	3,6
Andalucía	91,5	9,9	9,9
Aragón	91,4	7,3	7,3
Asturias	96,6	12,2	12,2
Balears (Illes)	89,1	13,3	13,3
Canarias	93,3	5,5	5,5
Cantabria	90,1	17,2	17,2
Castilla - La Mancha	84,5	2,1	2,1
Castilla y León	97,1	4,9	4,9
Cataluña	100,4	6,9	6,9
Comunitat Valenciana	102,5	6,0	6,0
Extremadura	78,1	23,7	23,7
Madrid	83,1	5,6	5,6
Murcia	88,6	14,8	14,8
Navarra	96,6	15,0	15,0
País Vasco	93,6	4,8	4,8
Rioja (La)	87,9	5,9	5,9

Fonte: INE